



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/14	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	2 de abril de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:03 ata as 20:40 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	NON
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ



**Concello de Cangas**

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 27 de marzo de 2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 27 de marzo de 2018.

**Expediente 1556/2018. Solicitud de renovación de sinal de pasaxe permanente**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por X. P. S., na que solicita a renovación da sinal de pasaxe permanente nº 244 e pintado de liña amarela no bordo. A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

**Expediente 1555/2018. Informe da Policía Local para diversa sinalización en Coiro**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de M. B. Q., na que demanda a limitación de velocidade para a rúa Costeira–A Devesa en Coiro, A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda que se limite a velocidade a 30 km/hora, con sinalización vertical e horizontal en toda a rúa pola concurrencia de vivendas e peóns, por tratarse dunha rúa estreita.

**Expediente 2493/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2493/2017.- Con relación ao expediente tramitado a instancia de M. S. D. e S. J. N. H., acórdase o seguinte:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a Resolución da Alcaldía de data 15.03.2018, pola que se acordou declarar o desestamento da solicitude de licenza formalizada o 27 de abril de 2017, vista a presentación da documentación requirida no expediente.

SEGUNDO.- Outorgar licenza de obra a M. S. D. e S. J. N. H., para a construción de vivenda

**Concello de Cangas**



unifamiliar e cerramento no Xistro-O Hío, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto E. C. S. en data abril de 2017. O presuposto de execución material ascende a cento vinte mil catrocentos corenta e cinco euros (120.445,00 €).

A licenza outórgase condicionada a que antes do inicio das obras presente proxecto de execución visado e oficio de dirección de obras e de execución destas.

A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como, por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, desde a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

TERCEIRO.- Acéptase a cesión urbanística formalizada o 09.03.2018 perante a notaria M. J. L. E., nº 161 do seu protocolo e fianza para responder das obras de urbanización por importe de mil cincocentos setenta e seis euros con sesenta e tres céntimos (1.576,63 €), depositada na entidade "Abanca" o 19.03.2018.

#### **Expediente 1242/2018. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1242/18 (EXPEDIENTE Nº 23.617.- LICENZA Nº 22.880).- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a A. R. A., con enderezo en rúa Pi i Margal, nº 102-4ºF-Vigo, titular da vivenda unifamiliar sita en Santo Domingo, nº 1B-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal nº 22.880, tendo en conta o certificado final de obra visado o 28.04.2015, o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 22 de marzo de 2018 e informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 26 de marzo de 2018, obrantes no expediente.

Así mesmo, apróbbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

#### **Expediente 6360/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6360/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. M. R. T. M., con enderezo a efectos de notificacións no lugar de Currás, nº 12B-Marín, para a construción dun cerramento de parcela no lugar de Erbello-Aldán, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico V. F. F. de data setembro de 2017 e os informes de Augas de Galicia de data 28 de decembro de 2017 e a autorización da Deputación de Pontevedra de data 24 de xaneiro de 2018, obrantes no expediente. O presuposto de execución material ascende a trece mil trescentos vinte e un euros con setenta e tres céntimos (13.321,73 €).

Acéptase a cesión para ampliación de vieiro municipal de 67,00 m2., materializada na escritura de cesión urbanística formalizada perante a notaria A. T. C. P., en data 19.03.2018.



Concello de Cangas

**Expediente 314/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 314/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. G. F., para construción de cerramento no lugar de rúa Area das Patas-Nerga, de conformidade coa documentación presentada pola arquitecta M. T. F. I. de data xaneiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos setenta e dous euros con trinta céntimos (972,30 €).

Acéptase a cesión de terreo formalizada en acta de comparecencia efectuada o 16 de marzo de 2018, para ampliación do vieiro por una superficie de 23,34 m2.

**Expediente 1241/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1241/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por RINOCERONTE EDITORA SLU, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 15-Cangas, para apertura dun oco na fachada do local sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente o 7 de marzo de 2018 e a comunicación previa de inicio de actividade de data 22 de marzo de 2018. Unha vez finalizadas as obras deberá comunicalo ao concello. O presuposto de execución material ascende a oitocentos setenta e catro euros con setenta e dous céntimos (874,72 €).

**Expediente 7689/2017. Recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de mil vinte euros con once céntimos (1.020,11 €), depositado por "Desurbin SL", no expediente nº 22.010, licenza de obras nº 21.509.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

**Expediente 1558/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista da solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

\* CONCEDERLLE a C.M.A., co expediente nº 36008/01/001423 –26253, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: setecentos noventa e nove euros con vinte e seis céntimos (799,26 €), doce euros con once céntimos (12,11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento oitenta euros con dezaioito céntimos (180,18 €/mes).

Número de horas: 66 horas mensuais, sendo o máximo de horas actualmente dispoñibles a través do sistema de dependencia. No momento que exista maior dispoñibilidade de horas de prestación do servizo, procederase a amplialo na totalidade das 70 horas mensuais aprobadas no seu programa de atención individualizada.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 9 de abril de 2018.

**Expediente 1559/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a L.R.S., co expediente nº 36008/01/001959 –60810, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal.
- \* Atencións de carácter psicosocial.
- \* Atencións de carácter doméstico.

Custe do servizo total: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €), doce euros con once céntimos (12,11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento dezaseis euros con noventa céntimos (116,90 €/mes).

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 9 de abril de 2018.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

**Expediente 5450/2017. Dación de conta de sentenza xudicial nº 13/2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos da Sentenza nº 13/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, que son como seguen:

1.- PA 189/2017-G.- DACIÓN DE CONTA SENTENZA 13/2018 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2

- A persoa recorrente: A.V. M. P.

- Contido: Estima o recurso contencioso-administrativo, presentado pola letrada M. J. A. O., en representación de A. V. M. P., contra a inexecución de acto firme do Concello de Cangas, consistente en resolución de 12 de setembro de 2012, na que se ordenou a demolición das obras executadas por C. R. F. no lugar de Fonte Pesada, nº 4C-Darbo, consistentes en muro de contención e caseta arrimada a lindeiro, declarou que a inactividade administrativa impugnada non é conforme a dereito, debendo condenarse ao Concello de Cangas a que cumpra, total e inmediatamente o acordado na resolución de 12 de setembro de 2012, con relación á demolición das obras a que se refire esta.

- As custas impóñense á parte demandada.

- Sentenza firme.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850